

XIX

MARCHA

GALEGA

CON VIVAC



>> 10 - 11 DE XUÑO 2006 <<

DENDE

PENEDOS DE OULEGO

(SERRA ENCIÑA DA LASTRA - OURENSE)

ATA

A SEARA

(SERRA DO CAUREL - LUGO)

S A Ú D O

Este ano o Club Montañeiros Celtas, de Vigo, será o responsable da organización da XIX Marcha con Vivac da Federación Galega de Montañismo e faino con todo o entusiasmo e toda a ilusión que caracteriza ao noso Club.

O obxectivo primordial é avivecer a ledicia que é unha marcha con vivac. Durmir no hotel "Bella Estrella" é unha experiencia que non se esquece, e se esa noite se durme no Caurel, entón esa maxia convértese en feito.

O noso Club tamén desexa que esta actividade sexa un éxito, por un lado para que os montañeiros federados de Galicia poidan coñecerse e reencontrarse nun entorno de alta montaña, e por outro para que cada un dos participantes descubra unha parte da Serra do Caurel, quizais algo esquecida.

Subiremos e baixaremos, chegará o cansazo, cando quitemos as nosas mochilas do lombo non saberemos se aínda as temos enriba de nós ou non, pero estamos seguros de que a compañía vai ser grata e iso é realmente o que ao final un sempre garda na súa memoria.

Agradaríanos moito que foxe esta, unha desas actividades que prevalezan no tempo.

HORARIO

SÁBADO, día 10

- 08.00 Saída dende Vigo cara a Quiroga.
- 10.00 Recollida dos participantes doutras localidades, en Quiroga (Lugo)
- 12.00 Inicio da Marcha.
- 15.00 Xantar no pobo de Oencia (León)
- 15.30 Reinicio da marcha.
- 21.00 Montaxe do Vivac.
- 23.00 A Organización ofrecerá a todos os participantes roscón caseiro, regados cunhas "pingas".
- 24.00 Silencio

DOMINGO, día 11

- 08.00 Erguerse e almorzo
- 08.30 Inicio da marcha.
- 14.00 Chegada á Seara do Caurel (Lugo)
- 15.00 Xantar de confraternidade.
- 16.30 Entrega de agasallos e peche da

ORGANIZA



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Avda. Camelias, 78 - oficina K. 36211 VIGO

Apdo. Correos 1836. 36200 VIGO

Tel: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

www.celtas.net

e-mail: info@celtas.net

PATROCINA



DEPORTE GALEGO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral para o Deporte

REGULAMENTO

- 1) A XIX MARCHA GALEGA CON VIVAC terá lugar os días 10 e 11 de xuño de 2006 entre Penedos de Oulego e A Seara do Caurel.
- 2) Poderán participar de xeito oficial, todos os montañeiros que se atopen en posesión da Licencia Federativa do ano en curso.
- 3) Cada Club deberá traer relación escrita dos seus participantes, indicando o seu número de Licencia Federativa, así como un representante de todos eles.
- 4) Queda absolutamente prohibido calquera acto que supoña o máis leve atentado contra a natureza e o medio ambiente.
- 5) O lixo estará a cargo de cada participante.
- 6) Toda persoa que abandone a Marcha por vontade propia deberá comunicalo á organización.
- 7) Todos os participantes deberán ter o nivel mínimo necesario para realizar unha travesía vivac duns 40 quilómetros, con todo o equipo necesario.
- 8) A organización proverá de auga nalgúns puntos do percorrido.

Calquera eventualidade non recollida no presente regulamento será resolta pola Organización da Marcha.

XIX MARCHA GALEGA CON VIVAC



>> 10 - 11 DE XUÑO 2006 <<

DENDE

PENEDOS DE OULEGO

(SERRA ENCIÑA DA LASTRA - OURENSE)

ATA

A SEARA

(SERRA DO CAUREL - LUGO)

O PERCORRIDO

SABADO 10
Iniciaremos o percorrido a uns dous quilómetros de Penedos de Campo do Capador (1049) para logo baixar a Lusio (776). Seguiremos ao carón do arroyo do Lusio ata chegar á estrada comarcal. Desviáremonos á dereita e cruzaremos o río Selmo para subir á vertical aldea de Oencia (809) onde xantaremos baixo os seus milenarios castiñeiros. Retornaremos a nosa andaina salindo por un camiño ao final da aldea á dereita. Subiremos ata A Golada (1397). Se chegamos con tempo suficiente ascenderemos a poderosa Pena de Seo (1576) para retomar de novo A Golada. Xa non perderemos altura e continuaremos pola cordal ata o bosque preto da Mesa do Rey (1361), onde pernoctaremos. Agardamos que a noite non nos traia contrastes climatolóxicos nin que a "bicheira" nos ataque e así descansar axeitadamente para o novo día.

DOMINGO 11
Comezaremos o día cunha dada baixada cara á esquecida aldea de Horros(1032), para continuar por un vello camiño ata Ferramullín. Cruzaremos a súa ponte pasando por uns bosques encantados de castiñeiros moi lonxevos. Volveremos atopar o río Selmo, que seguiremos durante un anaco para seguir logo por un dos seus arroyos, o Buzgalgos. Esta era unha senda que os Ferramullinenses usaban para ir aos muiños. Estaba abandonada e o noso Club a recuperou.
De novo ascenderemos a O Penouco (1179) que será a nosa derradeira maior altitude, para continuar por unha pista que nos levará ao noso destino final A Seara do Caurel.

